

# IES VIRXE DO MAR

~NOIA~

## CONCRECIÓN CURRICULAR



IES Virxe do Mar

Actualizada no curso 2022/2023

## ÍNDICE

a) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO.....	4
a.1. Educación Secundaria Obligatoria.....	4
a.2. Bacharelato.....	5
b) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
c) CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	9
d) CRITERIOS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA.....	10
e) CRITERIOS XERAIS SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTIVOS.....	10
f) CRITERIOS DA OFERTA EDUCATIVA.....	10
g) CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	10
h) CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE ACADE A PROMOCIÓN CON MATERIAS OU ÁMBITOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.....	10
i) CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.....	10
j) CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.....	10
j.1. Características xerais da avaliación.....	10
j.2. Criterios xerais sobre a avaliación, promoción e titulación do alumnado na ESO.....	10
j.2.1. Avaliación na ESO.....	10
j.2.2. Promoción na ESO.....	12
j.2.3. Titulación na ESO.....	13
j.3. Criterios xerais sobre a avaliación, promoción e titulación do alumnado no Bacharelato. .....	15
j.3.1. Avaliación no Bacharelato.....	15
j.3.2. Promoción no Bacharelato.....	16
j.3.3. Titulación no Bacharelato.....	17
k) CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA.....	19
k.1. Criterios do outorgamento de matrículas de honra na ESO.....	19
k.2. Criterios do outorgamento de matrículas de honra no Bacharelato.....	19

l) CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....20

m) CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.. .20

n) PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, A AVALIACIÓN E A MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.....20

IES Virxe do Mar

## **a) ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO.**

### **a.1. Educación Secundaria Obrigatoria**

Dentro do contexto no que se atopa o noso centro, Concello de Noia e Concellos limítrofes, o IES Virxe do Mar contribuirá a desenvolver no noso alumnado da educación secundaria obrigatoria as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos :

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos da nosa Comunidade Educativa; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo indicadas polo profesorado do IES Virxe do Mar, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **a.2. Bacharelato**

Dentro do contexto no que se atopa o noso centro, Concello de Noia e Concellos limítrofes, o IES Virxe do Mar contribuirá a desenvolver no noso alumnado de Bacharelato, as capacidades que lles permitan acadar os obxectivos que terán como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior, e que son os seguintes:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever,

detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **b) CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

Consideramos que as competencias clave son imprescindibles para que o noso alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios da etapa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias claves aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo da ESO; o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ao finalizar a etapa, e constitúe o referente último sobre o nivel de desempeño competencial esperado tanto na avaliación, como para a titulación a través dos correspondentes descritores operativos.

A contribución á adquisición das competencias claves do IES Virxe do Mar, terá como referente o devandito perfil de saída, e serán a base para as decisións curriculares, así como as estratexias e as orientacións metodolóxicas na práctica lectiva no centro, e que contribuirán o que o noso alumnado ao finalizar a etapa adquira as seguintes competencias:

### **CCL-Competencia en comunicación lingüística.**

Supón que o noso alumnado sexa capaz de interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

### **CP-Competencia plurilingüe.**

O alumnado sexa capaz de utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para

desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

#### **STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.**

O alumnado sexa capaz de comprender o mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

#### **CD-Competencia dixital.**

O alumnado faga un uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

#### **CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.**

O alumnado sexa capaz de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

#### **CC-Competencia cidadá.**

As alumnas e os alumnos exerzan unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos



do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

### **CE-Competencia emprendedora.**

Sexan capaces de desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

### **CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.**

Sexan capaces de comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

## **c) CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

Elaboraranse propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

Buscarase desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo, fomentando o traballo colaborativo e en equipo, e potenciando a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, organizarase na práctica docente de todas as materias un tempo de lectura e práctica da oratoria, que poderá versar sobre os contidos nos que se está traballando nese momento.

Impartiranse de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, segundo as medidas concretadas no proxecto lingüístico do centro, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

Traballarase en todas as materias a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade.

Fomentarase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, nos termos establecidos legalmente.

#### **d) CRITERIOS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA.**

As propostas metodolóxicas deben de tratar de posibilitar unha aprendizaxe significativa. Por este concepto entendemos aquela que realiza o alumnado construíndo sobre os seus propios esquemas, sobre as ideas previas, engancho información sobre a que xa ten, reestruturándoas e facéndoo capaz de aplicalas noutras situacións. O valor desta aprendizaxe descansa no feito de que asegura que os coñecementos adquiridos na aula poidan ser utilizados noutras situacións polo alumnado no momento no que o precise, ademais que este tipo de formación capacítalo para comprender, interpretar, valorar e intervir na realidade que o rodea.

Son características deste tipo de aprendizaxe as seguintes:

- Hai que partir do que o alumno xa sabe.
- A nova información debe presentarse de xeito axeitado, en función do tipo de contido e das características e nivel de desenvolvemento do alumnado.
- O alumnado cuestiona os seus coñecementos previos
- O alumnado reorganiza os seus novos coñecementos á luz da nova información.
- O alumnado transfere ese coñecemento a outras situacións e contextos.
- O alumnado descubre os principios nos que se basea o coñecemento, é dicir, adquire as estratexias para planificar e regular a súa propia actividade.
- No desenvolvemento faise consciente da súa propia aprendizaxe.
- O alumnado aplica o proceso de aprender a aprender a outras experiencias escolares e extraescolares.

A intervención docente é necesaria posto que o profesorado é guía e orientación do alumnado. O seu labor non consistirá só na transmisión de coñecementos, senón no descubrimento mediante unha exploración das ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van a abordar como punto de partida dos novos coñecementos e na promoción de situacións que susciten a necesidade de modificar os esquemas de coñecemento.

É conveniente considerar o erro coma parte da aprendizaxe e non só con carácter sancionador. Asemade convén ter en conta que nas estratexias de ensinanza-aprendizaxe non é tan importante o que o profesorado ensina como o que alumnado aprende.

O profesorado debe reflexionar sobre aspectos na intervención educativa como: a importancia do traballo en grupos, a utilización de fontes plurais de información, a importancia de realizar pequenos traballos de investigación ou a resolución de problemas como vía de adquisición de habilidades sociais.

O profesorado estimulará a motivación do alumnado a través dos seguintes factores:

- Unha selección de actividades e materiais atractivos e variados
- Implicar ao alumnado na toma de decisións.
- Crear un clima de cooperación entre o alumnado e non de competencia.
- Dar confianza ao alumnado dándolle autonomía na realización de actividades.
- Tratar que o alumnado se sinta protagonista potenciando que dea a súa opinión, que se atreva a facer preguntas, que poda amosar acordo ou desacordo ante a postura do profesorado nun tema.
- Reforzar ao que participa utilizando o eloxio de ideas, éxitos académicos, aptitudes, pero nunca aspectos da súa personalidade.
- Conectar as actividades da aula coas actividades xerais do centro.

As unidades didácticas poden responder a criterios e propostas propias da disciplina como a propostas globalizadoras interdisciplinares, abordando determinados contidos de carácter transversal e de interese.

Considerando o entorno próximo como punto de partida ou referente, recoñecer a nosa identidade colectiva dende distintos puntos de vista, practicando o respecto polas demais culturas e a procura dunha visión máis plural do mundo.

Respecto das estratexias de ensino-aprendizaxe, pódense empregar as de carácter expositivo que permiten ao alumnado, de maneira oral ou escrita, un coñecemento xa elaborado que estes deben asimilar. Tamén pódense empregar as estratexias de indagación que poñen ao alumnado diante de situacións problemáticas para que reflexionen e actúen para resolver os problemas. Asemade pódense utilizar os proxectos de investigación que permiten enfrontar e resolver determinados problemas cunha certa autonomía, adquirir experiencia na busca e consulta de información e investigación.

Promoverase o uso da aula virtual e da procura de información na rede, como instrumento de formación no manexo das novas tecnoloxías de xeito autónomo.

Non todos os alumnos e alumnas aprenden ao mesmo ritmo nin todos teñen a mesma capacidade para aprender. O profesorado debe ter en conta a diversidade do alumnado, valorando o progreso de cada un de xeito individual.

As diferenzas no rendemento escolar non dependen só das desigualdades na capacidade de aprender, senón que inflúen de maneira decisiva os distintos intereses e a motivación de cada alumna e alumno.

### **e) CRITERIOS XERAIS SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTIVOS.**

Os materiais e recursos didácticos comunican contidos para a súa aprendizaxe e poden servir para estimular e dirixir o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que é importante a diversidade deles, así como darlle un bo uso tendo en conta a idade e o nivel do alumnado.

Utilizaranse os materiais e recursos educativos que dispoñan das seguintes características:

- Proporcionar información.
- Guiar as aprendizaxes do alumnado. Axudar a organizar a información, a relacionar coñecementos, a crear novos coñecementos e aplicalos...
- Exercitar habilidades.
- Motivar, despertar e manter o interese.
- Avaliar os coñecementos e as habilidades que se teñen.
- Proporcionar simulacións que ofrecen entornas para a observación, exploración e a experimentación.
- Proporcionar entornas para a expresión e creación.

Tendo en conta as características anteriores, os tipos de materiais e recursos que se usarán son os seguintes:

a) Documentos impresos e manuscritos: libros, apuntamentos, revistas, periódicos, fascículos, atlas, mapas, planos, cartas, e documentos de arquivo histórico, entre outros materiais impresos.

b) Documentos audiovisuais e informáticos: vídeos, DVD e plataformas dixitais (E-DIXGAL, Aula Virtual, ...).

c) Material Manipulativo: taboleiros interactivos, figuras xeométricas, instrumentos de laboratorio, xogos, material de uso ximnástico e deportivo, instrumentos musicais, material de debuxo, etc.

d) Equipos: cada aula dispoñerá dun ordenador, monitor interactivo, ou un proxector multimedia e pizarra dixital interactiva. Ademais, dentro do programa E-DIXGAL, o alumnado da ESO dispoñerá dun ordenador portátil individual.

e) Biblioteca: será fonte dos recursos anteriores, documentos impresos e documentos audiovisuais, como tamén de equipos informáticos para procura e/ou consulta de información.

## f) CRITERIOS DA OFERTA EDUCATIVA.

O centro ofertará as seguintes ensinanzas:

### **Educación Secundaria Obrigatoria, cursos 1º, 2º, 3º e 4º:**

- En tódolos cursos ofertaranse na matrícula todas as materias optativas que permite a normativa galega. Só se poderá limitar a elección destas materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste segundo os criterios que determine a consellería.
- As dúas sesións de libre disposición nos cursos de 1º e 2º dedicaranse en cada curso da seguinte forma:
  - En 1º de ESO: 1 sesión para reforzo de Lingua Galega e Literatura e 1 sesión para reforzo de Bioloxía e Xeoloxía.
  - En 2º de ESO: 1 sesión para reforzo de Lingua Castelá e Literatura e 1 sesión para reforzo de Matemáticas.
- No curso de 3º ofértase un grupo de Programa de Diversificación Curricular, con continuidade para 4º.

### **Bacharelato, cursos 1º e 2º:**

- Ofértanse as modalidades:
  - Ciencias e Tecnoloxía.
  - Humanidades e Ciencias Sociais.
- En tódolos cursos ofertaranse na matrícula todas as materias optativas que permite a normativa galega, incluíndo as materias da modalidade e as materias Debuxo Artístico I, Linguaxe e Práctica Musical e Cultura Audiovisual da modalidade de Artes en 1º de bacharelato, e Debuxo Artístico II da modalidade de Artes en 2º de Bacharelato. Só se poderá limitar a elección destas materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste segundo os criterios que determine a consellería.

**Ciclo Formativo:** Ofertarase o Ciclo de grado Medio de Técnico en Vídeo Disc-jockey e Son.

Ademais das ensinanzas ofertadas, o IES Virxe do Mar funciona polas tardes como unha Sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.

## **g) CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

1.- As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo. Son de asistencia obrigatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles. O alumnado que, por motivos organizativos, non poida participar deberá realizar actividades alternativas.

2.- A súa organización rexerase polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada curso e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais.

3.- As actividades complementarias ocuparán o menor tempo posible fóra do horario asignado á materia que organiza a actividade.

4.- As actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas.

5.- Cada departamento, baixo a coordinación do departamento de actividades extraescolares e complementarias, dependente de vicedirección, planificará ao comezo de curso o programa de actividades a desenvolver.

6.- O departamento ou profesorado organizador dunha actividade, poderá solicitar a colaboración doutros acompañantes entre o profesorado (nunca persoas alleas, salvo autorización da Dirección e o Consello Escolar), sendo todos eles corresponsables no desenvolvemento da actividade e contarán coa correspondente cobertura da Consellería.

7.- Durante os períodos de exames previos ás datas de avaliación procurarase reducir a oferta de actividades complementarias.

8.- Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade e estenderase a un amplo número de alumnos/as.

9.- Vicedirección dará a coñecer o nome dos/das alumnos/as sancionados coa non participación en actividades complementarias.

10.- Se a actividade se realiza fora do centro escolar, requirirase previamente autorización asinada dos pais/nais/titores legais do alumnado menor de idade. Informarase ás familias dos detalles da actividade antes de facela e durante a súa realización, se fose preciso.

## **h) CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE ACADE A PROMOCIÓN CON MATERIAS OU ÁMBITOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

## **i) CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.**

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de



superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## **j) CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.**

### **j.1. Características xerais da avaliación.**

A avaliación terá como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas, segundo o modelo establecido por cada Departamento.

### **j.2. Criterios xerais sobre a avaliación, promoción e titulación do alumnado na ESO.**

#### **j.2.1. Avaliación na ESO.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación.

Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

### **Normas xerais da avaliación**

1. Ao longo de cada curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais, e rematadas as actividades lectivas, unha avaliación final. A sesión da terceira avaliación parcial coincidirá coa sesión de avaliación final. Realizarase ademais unha avaliación inicial, nas primeiras semanas do curso.
2. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
3. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso.
4. Ao comezo do curso, o Claustro deberá aprobar o calendario base das sesións de avaliación, previa proposta de Xefatura de Estudos.
5. As sesións de avaliación serán convocadas pola Xefatura de Estudos, de acordo co calendario base aprobado no Claustro.

6. As sesións de avaliación serán organizadas e presididas polos titores/as de cada grupo. A Xunta de Avaliación deberá seguir en todo momento as indicacións dos titores/as.

7. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. Entre as decisións adoptadas polo equipo docente irán as referidas ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

8. As sesións de avaliación deberán axustarse ao tempo establecido. O/A titor/a do grupo deberá garantir o cumprimento deste horario.

9. Os/As profesores/as deberán consignar as cualificacións dos alumnos/as con anterioridade ás sesións de avaliación, atendendo ao límite do prazo indicado pola Xefatura de Estudos en cada avaliación.

10. Os/as pais/nais de alumnos/as serán informados dos resultados de cada avaliación a través dun Boletín de Notas e da aplicación ABALAR, ou ao propio alumno/a no caso de ser maior de idade.

### **j.2.2. Promoción na ESO.**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción.

2. A decisión será adoptada de xeito colexiado, por consenso. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Os/As profesores/as que imparten materias que cursa o/a alumno/a non poderán absterse nas votacións. O/a Orientador/a e o profesorado de apoio teñen voz pero non voto.

4. A persoa titora recollerá na acta da sesión de avaliación final as decisións adoptadas con respecto á promoción.

### **Criterios de promoción.**

1. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados.

2. Así mesmo, promocionará o alumnado que teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, contando as materias pendentes de cursos anteriores.

3. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:

**a)** Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias ou ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

**b)** Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

**c)** Que o equipo docente considere que as materias ou ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

**d)** Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

**e)** Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Nos programas de diversificación curricular, as materias de curso anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

6. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

7. Para o alumnado que permaneza no mesmo curso elaborárase un plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

8. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

9. A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio (ensino primario e ensino secundario). De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso.

10. Ao finalizar o segundo e o cuarto curso ou ao concluír a súa escolarización, entregaráselles aos pais/nais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello orientador será elaborado polo profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do Departamento de Orientación.

### j.2.3. Titulación na ESO.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.

2. A decisión será adoptada de xeito colexiado, por consenso. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Os/As profesores/as que imparten materias que cursa o/a alumno/a non poderán absterse nas votacións. O/a Orientador/a e o profesorado de apoio teñen voz pero non voto.

4. A persoa titora recollerá na acta da sesión de avaliación final, as decisións adoptadas con respecto á titulación.

### Criterios de titulación.

1. Acadará a titulación o alumnado que superase todos as materias ou os ámbitos cursados.

2. Ademais, o equipo docente poderá decidir a obtención do título dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias claves establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

## j.3. Criterios xerais sobre a avaliación, promoción e titulación do alumnado no Bacharelato.

### j.3.1. Avaliación no Bacharelato.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, e levarase a cabo tomando como referentes, para a comprobación do grao de

adquisición das competencias clave e do logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias, os criterios de avaliación.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

### **Normas xerais da avaliación**

1. Ao longo de cada curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais, e unha final que poderá coincidir coa terceira avaliación parcial. Ademais, no primeiro de bacharelato realizarase unha avaliación inicial, nas primeiras semanas do curso.

2. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria, nas datas que determine a Consellería con competencias en materia de educación.

3. No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarse á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

4. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, impartirase clases co fin de preparar a realización da ABAU e das probas extraordinarias.

5. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).

6. No segundo curso de bacharelato farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso.

7. Ao comezo do curso, o Claustro deberá aprobar o calendario base das sesións de avaliación, previa proposta de Xefatura de Estudos.

8. As sesións de avaliación serán convocadas pola Xefatura de Estudos, de acordo co calendario base aprobado no Claustro.

9. As sesións de avaliación serán organizadas e presididas polos titores/as de cada grupo. A Xunta de Avaliación deberá seguir en todo momento as indicacións dos titores/as.

10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto. Entre as decisións adoptadas polo equipo docente irán as referidas ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

11. As sesións de avaliación deberán axustarse ao tempo establecido. O titor/a do grupo deberá garantir o cumprimento deste horario.

12. Os profesores/as deberán consignar as cualificacións dos alumnos/as con anterioridade ás sesións de avaliación, atendendo ao límite do prazo indicado pola Xefatura de Estudos en cada avaliación.

13. Os/as pais/nais de alumnos/as serán informados dos resultados de cada avaliación a través dun Boletín de Notas e da aplicación ABALAR, ou ao propio alumno/a no caso de ser maior de idade.

### **j.3.2. Promoción no Bacharelato.**

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da/o alumna/o decidirá sobre a súa promoción.

#### **Cráterios de promoción.**

1. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

2. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

3. O alumnado que repita 1º de bacharelato ten que matricularse de todas as materias do curso.

4. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

5. Dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. O alumno que repita segundo curso poderá matricularse só das materias que non ten superadas. No caso de que se matricule de todo, non se manterán as cualificacións do curso anterior.

### **j.3.3. Titulación no Bacharelato.**

#### **Crterios de titulación.**

1. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel o alumnado que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais **todas** as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

3. A decisión será adoptada de xeito colexiado, por consenso. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.



4. Os/As profesores/as que imparten materias que cursa o/a alumno/a non poderán absterse nas votacións. O/a Orientador/a ten voz pero non voto.

5. A persoa titora recollerá na acta da sesión de avaliación final, as decisións adoptadas con respecto á titulación.

*IES Virxe do Mar*

## **k) CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA.**

### **k.1. Criterios do outorgamento de matrículas de honra na ESO.**

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

2. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no curso.

3. No caso de haber máis candidatos/as que número de matrículas de honras, os criterios para a súa concesión serán por este orden:

1º O alumnado coa maior nota media en 4º de ESO.

2º O alumnado coa maior nota media na etapa.

3º O alumnado coa maior nota media en 3º de ESO.

4º O alumnado coa maior nota media en 2º de ESO.

5º O alumnado coa maior nota media en 1º de ESO.

6º En caso de empate realizarase un sorteo.

4. Finalizada a avaliación de todos os grupos de 4º de ESO, farase unha reunión cos equipos docentes de todos os grupos para aplicar os criterios anteriores, se é o caso.

### **k.2. Criterios do outorgamento de matrículas de honra no Bacharelato.**

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final ordinaria en segundo curso de Bacharelato, obtivesen unha nota media de segundo de bacharelato igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

2. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no curso.

3. No caso de haber máis candidatos/as que número de matrículas de honras, os criterios para a súa concesión serán por este orden:

1º O alumnado coa maior nota media en 2º de Bacharelato.

- 2º O alumnado coa maior nota media na etapa, 1º e 2º de Bacharelato.
  - 3º O alumnado coa maior nota media en 1º de Bacharelato.
  - 4º O alumnado coa maior nota media nas materias xerais do bloque de materias troncais de 2º de Bacharelato.
  - 6º En caso de empate realizarase un sorteo.
5. Finalizada a avaliación de todos os grupos de 2º de Bacharelato, farase unha reunión cos equipos docentes de todos os grupos para aplicar os criterios anteriores, se é o caso.

## **I) CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

Ao inicio do curso o profesorado, baixo a coordinación e dirección da xefatura de departamento correspondente, dedicarse a adaptar e, de ser o caso, elaborar, a programación didáctica das materias, ámbitos ou módulos das ensinanzas correspondentes considerando as propostas de mellora recollidas nas memorias de final de curso.

O profesorado responsable de cada departamento, no período establecido na normativa vixente, fará entrega da programación didáctica á xefatura de estudos. A dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa, que comprobará a súa adecuación ao establecido nas disposicións vixentes.

Nos caso dos cursos nos que se utiliza a aplicación informática PROENS para a elaboración das programacións, dita aplicación utilizarase para a entrega, supervisión e comprobación por parte das xefaturas de departamento, así como por parte da dirección do centro e da Inspección educativa.

As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

– Procedemento para a avaliación inicial.

– Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

– Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

– No Bacharelato, procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Así mesmo, o profesorado que imparta ensinanza no ciclo formativo de formación profesional, deberá utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais a aplicación informática de programación de formación profesional. A dita aplicación informática tamén se utilizará para a entrega, supervisión e comprobación por parte da xefatura de departamento, da dirección do centro e da Inspección educativa.

### **m) CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.**

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

- O profesorado poderá propoñer á Dirección do centro a participación nos proxectos, plans e programas.

- Valoraranse tódalas propostas.

- Preferiblemente optarase polos plans, proxectos ou programas propostos pola Administración Educativa.

- Valorarase a interdisciplinabilidade.

- Terase en conta a participación da maioría da Comunidade Educativa.

A participación nos proxectos, plans e programas incluíranse na Programación Xeral Anual, despois de ser informado e valorado no Claustro.

#### **n) PROCEDIMIENTO PARA A REVISIÓN, A AVALIACIÓN E A MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

A concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro.

Darase o seu coñecemento ao resto da Comunidade Educativa a través do Consello Escolar, así como, a súa publicación na páxina web do centro.